

BARÓMETRO ANEROIDE

“ollo de boi”



Clasificación: Equipamento didáctico física

Datación: Segunda metade século XX

Material: Madeira e metal

Medidas: 15 cm de diámetro

Firmas/Marcas:

Uso/Función: Serve para medir as variacións da presión atmosférica e predicir o tempo grazas ós indicadores de: temporal, chuvia-vento, variable, bo tempo e moi seco.

É un barómetro no que se fixo o baleiro no seu interior (aneroide: sen aire). As tapas que pechan o mecanismo son flexibles e polo tanto, sensibles ás variacións de presión atmosférica exterior activando o mecanismo interno. Primeiro hai que “calibralo” con outro de mercurio e colocar as dúas agullas marcadoras no punto de presión correspondente a ese día. A partir dese instante, o barómetro vai marcando a presión correspondente e a agulla de posición queda fixa, indicando se a presión aumentou ou baixou respecto o día anterior e outra marca os indicadores do tempo.